



OFERTA DE EMPREGO A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

PRAZA DE COIDADOR/A NO CEE DE PANXÓN (NIGRÁN)

Con data 22 de Xaneiro de 2024 a Consellería de Facenda e Administración Pública comunica que non existe lista de contratación temporal para a categoría 99 (coidador/a a extinguir), do Grupo III. En cumprimento do procedemento previsto no artigo 7.5.b) do vixente convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, o día 23/01/2024 solicitouse da oficina de emprego de Baiona a cobertura do seguinte posto:

DESCRICIÓN DO POSTO: Coidador/a, Grupo III, Categoría 99, no CEE de Panxón (Nigrán).

Formularase un contrato de traballo de duración determinada, de interinidade por substitución, a xornada completa.

Ademais das persoas seleccionadas polo SEPE poden participar neste proceso selectivo todas as persoas interesadas que reúnan os seguintes.

REQUISITOS:

Para ser admitidas as persoas aspirantes deberán estar en situación de desemprego no último día do prazo de presentación de instancias e cumprir nesa data os requisitos recollidos no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do Emprego público (BOE do 31 de outubro):

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da citada lei.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións





similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado.

- Posuír a titulación académica determinada no V Convenio Colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia para os postos do Grupo III, categoría 99. (**Bacharelato/Tecnico Superior ou equivalente**).
- Posuír o diploma ou certificado que acredite o grao de perfeccionamento do idioma galego ou CELGA 4.

SOLICITUDES

Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes dirixiranse a esta Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, (Servizo de Recursos Humanos), sita na rúa María Victoria Moreno, 43, 7^o, en Pontevedra, acompañadas da **documentación xustificativa** do cumprimento dos requisitos e dos méritos que se aleguen.

As solicitudes presentaranse en calquera dos lugares previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes comezará **o martes, 23 de xaneiro e rematará o luns 29 de xaneiro de 2024, ambos os dous días incluídos.**

ÓRGANO DE SELECCIÓN

Constituirase un órgano de selección de acordo co disposto nos artigos 7 e 11 do vixente convenio colectivo.

BAREMACIÓN DE MÉRITOS

A selección das/os candidatas/os realizarase con base nos **méritos** establecidos no Anexo III do vixente convenio que son os seguintes:

1-“*Por cada mes de **servizos prestados da Xunta de Galicia na mesma categoría a que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.***”





2-*Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes*

3-*Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos. 0,05 puntos/mes*

A suma da puntuación das alíneas a), b) e c) non poderá exceder de 5 puntos.

4-*Por cada **curso directamente relacionados** coas funcións propias da categoría á que se opta organizados e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, SEPE, Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego e Igualdade, cursos de formación continua do AFCAP:*

-Cursos ata 25 horas: 0,1 puntos

-Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos

-Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.

5. *Polo **coñecemento acreditado do idioma galego** (só se valorará o grao superior alegado) e que sexa superior ao establecido como requisito de acceso.*

-En grao de iniciación/celga 3: 0,50 puntos.

-En grao de perfeccionamento/celga 4: 0,75 puntos.

-Outros de grao superior a anterior: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

6. *De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida neste anexo e de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se publica o resultados do sorteo a que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.”*

Para calquera información sobre o proceso as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 986805942- 986805943.

Asinado electronicamente en Pontevedra

